



CONCELLO DE BARBADÁS

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DA AUGA

Artigo 1º. Concepto

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do Rd. Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola subministración da auga, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º. Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago da Taxa regulada nesta Ordenanza, quen se beneficien dos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Municipio, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º. Contía.

1-A contía da Taxa reguladora nesa Ordenanza será a fixada no seguinte cadro, efectuándose unha actualización das tarifas en función da variación do IPC que segundo o Instituto Nacional de Estatística, de setembro de 2018 a setembro de 2019 resultó ser dun 0,1 %.





CONCELLO DE BARBADÁS

AGUA	2019	2020
Cuota de Servicio	4,416590 €/mes	4,421007 €/mes
1º Bloque (hasta 24 m3/mes)	0,660288 €/mes	0,660948 €/mes
2º Bloque (más de 24 m3/mes)	1,496709 €/mes	1,498206 €/mes
Conservación de acometidas	0,169005 €/mes	0,169174 €/mes
Conservación de contador de 13, 15, 20 mm	0,315469 €/mes	0,315784 €/mes
Conservación de contador de 25, 30 mm	0,788726 €/mes	0,789515 €/mes
Conservación de contador de más de 30 mm	2,253040 €/mes	2,255293 €/mes

2- Todos aqueles contadores que non estean en correcto funcionamento e, que xa que logo, non

permitían a lectura correcta, computaráselles a media dos dous últimos bimestres incrementada nun 50% máis, sempre que sexa por culpa do usuario ou do incorrecto funcionamento do contador, mantendo esta situación durante dous bimestres.

Transcorridos estes para o suposto de que non se reparou o contador, procederase ao corte da subministración.

Artigo 4º.Obrigación de pago

1- A obriga da Taxa regulada nesta Ordenanza nace dende que se inicie a prestación do servizo

2- O pago de devandita Taxa efectuarase no momento de presentación ao obrigado a realizalo, da correspondente factura.

Disposición final primeira

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo ata a súa modificación expresa.

En Barbadás a 26 de decembro de 2019

O Alcalde

